

Informe dos resultados das enquisas de competencias

Autora: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora do GrEQ)

Informado na reunión da Comisión do GrEQ do 9 de maio de 2022.

Enviouse a enquisa de competencias a estudantes, egresados, empregadores e profesorado cos seguintes resultados. En todas as figuras a valoración posible vai de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo). Véxase o Anexo I para avaliar os resultados.

Estudantado: Moi poucas respostas (6) e apenas hai dous comentarios positivos. Case en todos os casos valoracións entre 3 e 5. No caso das competencias de formación básica un 25% non sabe, non resposta.

Profesorado: 29 respostas. Valoracións en todo o rango. Comentarios:

- Comprensión lectora pobre. Pouca iniciativa. Aprendizaxe autónomo limitado.
- Nivel do alumnado de 1º moi desigual
- Competencia de comunicación debería traballarse. Problemas coa interpretación crítica de datos (cursos de competencias da información).
- Faltan competencias para valorar datos éticos.
- Fallan en empregar coñecementos dunhas materias noutras diferentes, polo que non son versátiles.
- Problemas para planificar o tempo.
- A menos alcanzada a de xestión da información.
- Non adquiren coñecementos básicos sobre o emprego e programación de ordenadores e sistemas operativos.
- Moitos alumnos confunden deseño de procesos co deseño de operacións unitarias o deseño de quipos. Falta capacidade de análise e deseño de procesos nos TFG.
- Para facer o máster habilitante de Enxeñaría Industrial os coñecementos de Resistencia de materiais, Electrónica e Teoría de máquinas e mecanismos non son dabondo.
- Falta de formación en organización industrial e sistemas de mellora (lean manufacturing)
- Falta reforzar capacidades de organización dunha oficina de proxectos e organización de empresas.

Egrexados: N° significativo de respostas (96). Valoracións en todo o rango. Moi poucos non sabe, non resposta. Comentarios:

- Falta a visión mais aplicada ao entorno laboral non que poden primar restricións temporais e presións económicas.
- Falta desenvolver habilidades comunicativas orais (*powerpoint*) e escritas (3 comentarios)
- Falta contribución en áreas como comunicación, xestión de proxectos, traballos multidisciplinares, contribución a perfeccionar o nivel de inglés.
- Boa capacidade para resolver problemas e buscar solucións de xeito autónomo.
- Precísanse mais competencias transversais (2 comentarios).

- Falta prantexar experiencias reais de aplicación ao entorno laboral. O TFG está pouco organizado e hai pouca orientación para realizado, o alumno desenvolve un traballo dunha gran magnitude sen axuda.
- Falta mais profundidade en aspectos relacionados coa normativa, redacción e dirección de proxectos.
- Gran desconexión entre o académico e o laboral á hora de facer cálculos, medicións e valoracións. Moi enfocada a conceptos teóricos e perde perspectiva de como afectan os deseños a outras ramas de coñecemento como ciencias sociais e humanidades.
- Sería interesantes incorporar algunha materia onde se leve a cabo un proxecto en conxunto con estudantes doutras areas como ciencia de datos, *business* ou enxeñaría informática. Mais proximidade ao mundo laboral. (2 comentarios).
- Non hai contidos de xestión de empresas. Os contidos trátanse de forma teórica e sen aplicación práctica. Como exemplo aprendese debuxo técnico en papel e so unhas horas a deseño por ordenador.
- Gap entre as competencias transversais dedicadas ao traballo en equipo, capacidade de decisión e liderado.
- Falta tempo para programación de deseño en Autocad/Solid Works ou outras linguaxes da industria.
- Faltan competencias entorno a procesos, operacións, xestión de proxectos e xestión de equipos multidisciplinares.
- Faltan recursos e adaptación a softwares empregados na industria (exemplo Aspen)
- Competencias específicas de módulo de formación básica son o punto forte da titulación.
- Coñecementos moi básicos en Química industrial para aplicalos na industria.
- Que houbera unha materia de estatística, un módulo de deseño de experimentos.
- Pouca énfase en sistemas de control e instrumentación e simulación de procesos. Temario alonxado da realidade da empresa.
- Non se traballa suficientemente o emprego de software para métodos numéricos de simulación e optimización.
- As materias non axudaron ao traballo de deseño, mellora e automatización de procesos ou operacións.

-
Empregadores (moitos so teñen alumnos de prácticas en empresa): Nº significativo de respostas (54). Valoracións en todo o rango, case sen valoracións de 1. Moitas respostas de non sabe, non resposta. Comentarios:

- Falta de habilidades sociais. Alumna introvertida.
- Falta de coñecemento de nomenclatura en material básico/instrumentación de laboratorio.
- Mellorar a comunicación para facilitar a comprensión dos seus argumentos por parte do ouvinte.
- Falta de coñecemento básico no emprego da normativa específica de control de calidade e do proceso de fabricación.
- Falta de iniciativa porque fan as prácticas nun período curto.
- Moitos non sabe non resposta no módulo de formación básica e de química industrial.
- Non coñecen o SCADA. Faltan coñecementos de control de procesos.